



# CONCELLO DE PORTO DO SON

CONCELLERÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO,  
XUVENTUDE, VOLUNTARIADO, SEGURIDADE E  
PROTECCIÓN CIVIL



## O CONCELLO DE PORTO DO SON ARRANCA O SEU CICLO DE XORNADAS DE EMPREGO 2017 CUNHA SESIÓN SOBRE CÓMO PLANIFICAR E ORGANIZAR A BUSCA DE EMPREGO.

**Esta xornada, de dúas horas de duración, vai ter lugar o mércores 25 de xaneiro nas aulas do Viveiro de Empresas de Porto do Son.**

O Concello de Porto do Son vai celebrar o próximo día 25 de xaneiro a primeira xornada do seu ciclo de Xornadas de Emprego 2017. Nesta primeira sesión o tema a tratar vai ser o de “Cómo planificar e organizar a túa busca de emprego”.

Dunha maneira eminentemente práctica, as persoas participantes adquirirán a información e os coñecementos necesarios para facer unha correcta planificación e organización do seu proceso de busca de emprego; de maneira que este sexa o máis efectivo posible.

Nesta primeira sesión traballaranse aspectos como:

- Cuestións persoais a ter en conta para a busca de emprego.
- Cuestións profesionais a ter en conta para a busca de emprego.
- Erros frecuentes no proceso de busca de emprego.
- Recomendacións para unha mellor busca de emprego.
- Motivación para a busca de emprego.
- Recursos da zona á nosa disposición para unha mellor busca de emprego.
- Etc.

Máis información no Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son

(Casa do Concello – 2º andar).

Porto do Son, 9 de xaneiro de 2017.



XUNTA  
DE GALICIA